



**ACTA Nº 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN.
CONTRATO “ORGANIZACIÓN E CATERING DA FESTA DOS MAIORES 2017”.**

ASISTENTES:

Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

Vogais:

- D^a. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D^a. M^a Isabel García Santos (traballadora social do Concello).
- D^a. M^a Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

Secretaria:

- D^a. M^a Carmen Monzón Rodríguez (auxiliar administrativa do Concello).

HORA DE INICIO: 10:25 horas.

HORA DE REMATE: 10:30 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **17 de abril de 2017**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato de servizos “Organización e catering da Festa dos Maiores 2017” (cláusula 14^a do prego de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

Non asiste D^a. M^a Magdalena Pérez Millares, Concelleira Delegada de Servizos Sociais.

Verifícase o cumprimento do quorum esixido pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

ÚNICO.- Apertura e cualificación do sobre nº 1 (“Documentación”) presentada polos licitadores no procedemento para adxudicar o contrato de servizos “Organización e catering da Festa dos Maiores 2017”.

Concorreran á licitación os seguintes empresarios:

- JOSÉ FAJARDO, S.L.

Procédese á apertura do sobre “nº 1”, que deberá conter a documentación simplificada prevista na cláusula 11.1. A) do prego de cláusulas administrativas particulares que, en relación con este contrato é a seguinte:

- a) Declaración responsable do cumprimento das condicións legais para contratar coa Administración, axustado ao modelo previsto no anexo 2 dos pregos.
- b) Declaración responsable sobre o número de traballadores fixos con discapacidade e porcentaxe que representan sobre o total e documentación xustificativa (se é o caso).
- c) Declaración sobre a concorrencia á licitación con empresas do mesmo grupo (se é o caso).
- d) Indicación sobre a parte do contrato que se ten previsto subcontratar (se é o caso).

Resultado da comprobación:

- JOSÉ FAJARDO, S.L.: correcto.


Tendo en conta o exposto, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Admitir ao procedemento ao licitador JOSÉ FAJARDO, S.L.


Segundo.- Convocar para o vindeiro **martes 18 de abril de 2017, ás 11:00 horas**, no Salón de Actos do Centro de Interpretación do Castro de Baroña (Porto do Son), o acto público de apertura do sobre “nº 2” (“Criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor”) das proposicións presentadas polos licitadores admitidos no procedemento de contratación.

Porto do Son, 17 de abril de 2017.

Presidente,


D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,


D.ª María José Maneiro Quintáns.

Vogal,


D.ª M.ª Isabel García Santos.

Vogal,


D.ª M.ª Mar Lirota Delgado.

Vogal,


D. José Manuel González García.

Secretaria,


D.ª M.ª Carmen Monzón Rodríguez.